



Teresa López Fernández, vicerreitora de Profesorado e presidenta da Comisión de Reclamacións de prazas de profesorado laboral,

FAGO CONSTAR:

Que a Comisión de Reclamacións de prazas de profesorado laboral reunida o 20 de xuño de 2025, tomou o seguinte acordo en relación coa reclamación presentada na praza que se relaciona a continuación,

Praza: 25/3026

Categoría: Axudante Doutor

Área de coñecemento: Composición Arquitectónica

Departamento: Proxectos Arquitectónicos, Urbanismo e Composición

Centro: Escola Técnica Superior de Arquitectura

Tras analizar a documentación da praza 25/3026, a reclamación presentada por Dona Cristina Botana Iglesias e o informe emitido pola Comisión de selección, a Comisión de reclamacións,

ACORDA

_que a Comisión de selección debe emitir un informe razoado en que dea cumprida resposta á reclamación presentada indicando como foi valorado cada un dos méritos cuxa valoración foi reclamada

_que, caso de estimar a reclamación nalgún dos méritos, a Comisión de selección debe indicar cal foi a puntuación orixinalmente asignada e cal é a nova puntuación

_facer público este acordo

A Coruña, asinado dixitalmente

A vicerreitora de Profesorado
Teresa López Fernández